

Debería estar arrepentido.

Calquera persoa na miña situación supoño que o estaría, pero, claro, eu non son normal, xa o levo escoitando desde pequeno: *pelello, langrán, anormal, maldita sexa a hora en que viñeches a este mundo...*

Debería estar arrepentido do que fixen, pero o que realmente sinto agora, ao mirar o corpo insensible do meu compañeiro tirado no chan, é un esgotamento atroz, máis anímico que físico, iso si. Recoñezo que non foi unha pelexa xusta, o corpo de Mario é miúdo, pequecho, semella un cativo de once anos e eu xa teño a altura dun home, pero iso non me supuxo inconveniente ningún á hora de rebentarlle o pescozo. Merecíao.

Déixome caer sentado, exhausto, ao seu carón. Meu deus!, como me doe o lombo ao bater contra o muro, as feridas que me perforan a pel das costas estanme matando! Repouso a cabeza na parede de ladrillo do patio traseiro do instituto, pecho os ollos uns segundos e deixo que a brisa do serán axite a suor do meu cabelo, tomo conta do pulso turbu-

lento do meu sangue na punta dos dedos, apoio as mans sobre os xeonllos e gozo un intre da intensa calor que desprenden a través da grosa tea do pantalón vaqueiro.

Chégame un leve olor a fricolada do restaurante chinés da rúa de en fronte e sinto que se me remexen as tripas de noxo. Nunca soportei esa mestura entre doce e salgado co que os chineses batuxan todas as comidas. Inspiro forte ata notar os pulmóns cheos de vida e aguanto a respiración todo o que podoo; cando volvo deixar escapar o aire, noto como a tensión se esvae tamén coa forza do alento e por fin fico tranquilo.

O único pensamento que agora me rumia na mente é que acabo de converterme nun asasino con tan só dezaseis anos. Crin que se abrirían os ceos e un dedo acusador se dirixiría cara a min sinalando o meu terrible pecado, descargando un raio de dolorosa asunción sobre o meu corpo, tal e como me ensinaron de cativo nas clases de relixión, pero non pasou absolutamente nada, tan só unha brisa chinesa desleixada.

Esa evidencia case me fai rir.

Lío un cigarro devagar, acendo un misto e aspiro o delicioso olor a fósforo antes de chupar a primeira calada con sabor a cânabo. Deixo que a chama me lamba a pel dos dedos antes de apagarse e prender outro misto, e despois outro máis. Sempre me gustou o aroma que desprende o fósforo ao queimarse; adoito quedar enfeitizado mirando desaparecer a chama ensumida pola súa propia luz, iso tranquilízame, sempre me fai acougar cando me sinto tenso.

Introduzo a caixa de mistos dentro do peto e miro a pantalla do móbil para comprobar se hai algunha mensaxe. Non hai, claro, quen me ía escribir a min. Acompaño o sabor do cigarro cun grollo pracenteiro da petaca que lle furtei

esta mañá ao meu pai da biblioteca, detrás da enciclopedia de anatomía. O líquido queima na gorxa pero descomprime ao momento a tensión dos meus músculos engoumados. Que árido aconteceu todo!

Volvo comprobar que non hai mensaxes no móbil. Agocho a miña invisibilidade virtual no peto traseiro do pantalón e dedícome a buscar o teléfono de Mario por debaixo do seu corpo esgallado, pois, á fin e ao cabo, dentro dese dispositivo atópase a raíz da nosa contenda.

—Borra ese vídeo, fillo de puta, como llo envías a alguén esgánote —os vestiarios do pavillón de ximnasia foran testemuña da miña advertencia, pero ese idiota non me quixo facer caso, así que tan pronto como puideron zafar dos dous rapaces que me suxeitaban mentres Mario gravaba as miñas miserias na ducha, vestínme e saín correndo tras del ata este patio traseiro.

O único bo de todas as malleiras que tiven que soportar desde pequeno foi que a correr diante dun agresor non hai quen me gañe, así que non tardei en coller velocidade e alcanzar a Mario, completamente sufocado, apoiado na tapia do paredón. Aínda levaba aquel estúpido sorriso de satisfacción na cara que mudou con rapidez en arrepío cando descubriu o lume que abrochaba nos meus ollos.

—Tranquilo, pailán, que xa o borro. Quen ía querer ver a túa miñoa minúscula?

O ton de superioridade da súa voz estalou na miña mente como unha labazada, o dedo rebuldeiro bailando no aire ao redor do teléfono, como se estivese a pensar o que debía facer co vergoñento vídeo que acababa de gravar, e o asubío con que acompañaba aquel ballet innecesario, provocaron un

estoupido de ira no meu interior que me fixo cargar contra el coa determinación dun carro de combate.

Forcexamos un intre, pero el xa viña canso da carreira, así que busquei a maneira de inmovilizalo contra a parede e pechei as miñas mans ao redor do seu pescozo coma un cadeado. Por unha vez na vida non era eu o que se atopaba indefenso a mercé dun abusón. Sentín esa nova sensación de ter o poder na miña man e apertei, apertei e apertei cada vez máis forte, sen pensar no dano que podía chegar a facerlle. Só quería borrar aquel sorriso prepotente da súa cara.

Ata que sentín un estalo na súa gorxa e unha caricia morna e húmida na perneira do pantalón, alí onde o meu xeonllo apremaba contra a súa pelve. Solteino con asco e foi entón cando o corpo de Mario escorreu insensible entre os meus brazos ata rematar esmorecido no chan.

Así foi como aconteceu todo.

Atopo por fin o seu teléfono debaixo da perna dereita, un Samsung S9 bastante normalíño comparado co meu Galaxy Fold de pantalla flexible, recompensa vergoñenta dun episodio que preferiría esquecer. Pídeme o patrón de desbloqueo, e como non teño nin idea, proba cun deseño en forma de L, pois unha vez o dependente dunha tenda de reparación de móbiles chanceara diante de min con que a maioría dos adolescentes eramos tan vagos que nin sequera nos molestamos en inventar un patrón máis complicado ca ese. Nunca máis volvíñ usar esa pauta. Afortunadamente, Mario pertence tamén a esa alta porcentaxe de adolescentes lacazáns e o teléfono ilumínase á primeira.

O vídeo reproducéase ao accionar a pantalla de inicio e as noxentas imaxes losquéanme na cara. Nel aparece o meu

rosto fervendo de rabia, impotente por non poder moverme mentres dous idiotas me suxeitan contra a parede da ducha do ximnasio e outro trata de afeitar o escaso pelo dos meus xenitais cunha coitela afiada, animado polas palabras brutanas de Mario que emporca con folguexos e suspiros a súa gravación. Xaora, non está gravado o principio deste episodio tan denigrante, unha mirada inoportuna, unha reconvencción que ninguén me pediu. Quen me mandaría a min meterme onde non me importa? O certo é que si me importa, ela impórtame.

Pecho os ollos un instante, tomo aire e volvo mirar o teléfono. O arquivo está preparado para enviarse de inmediato a todos os seus contactos de WhatsApp, retrocedo o programa cun dedo trémulo e anulo o envío cun suspiro de alivio, antes de borrar definitivamente o ficheiro.

O que descubro a continuación no dispositivo déixame completamente atordado.

A multitude de notificacións que recibiu a última mensaxe compartida por Mario nun dos grupos de contactos que tiña por nome *BRAVÍOS* chama a miña atención, abro o ficheiro con cautela, e ata a miña conciencia fríxida se estremece de repulsión ante o contido miserable que atopo, tanto dos comentarios obscenos que alí se repiten como das imaxes vergoñosas que os acompañan.

Non sei que me levou a enviar as capturas desa conversa nauseabunda ao meu teléfono, xuro que non foi por morbo ou deleite, quizais pensaba nunha posible defensa á hora de xustificar o que acaba de pasar no patio, ou talvez era unha maneira de tranquilizar a miña conciencia ao constatar que Mario era moito peor persoa ca min, o certo é que decido

quedar coas imaxes e, despois de transferir por completo o arquivo por *bluetooth* ao meu móbil, escacho o dispositivo contra a parede coa forza do anoxo e observo satisfeito como caen os cachiños de plástico e cristal ao seu redor, como unha falsa choiva de meteoritos dixitais.

—Imbécil...

Engurro o cello ante o cheiro que desprende a urina que empapa a súa entreperna, intensificado polo intenso olor acre da súa suor. Aspiro unha última calada do meu cigarro e bóttolle o fume á cara. Iso quedoume moi *peliculeiro*, nunca me sentín tan poderoso, estou totalmente satisfeito e sorriño, sorriño con gana, como hai moito tempo que non tiña ocasión de facer.

Noto unha axitación moi leve no torso de Mario e pouco despois escoito unha tose case inaudible, as súas pálpebras baten paseniño, como ás de bolboreta, e as meniñas dos seus ollos flamexan nunha cunca de sangue para acabar cravándose en min cunha expresión de terror absoluto.

—Vaia, á fin e ao cabo non estás morto. Que sorte tes, cabrón!

As palabras que tantas veces me dedicaron a min, saíenme coma un vómito acedo pola boca dun xeito inconsciente, e serven como punto final para esta frutuosa pelexa.

Saco a caixa de mistos do peto e pónome a esperar pacientemente que alguén veña por min, algún dos seus amigos chamará a ambulancia supoño, ou un profesor quizais, eu non vou ser, desde logo.

Acendo un fósforo despois doutro namentres vou baleirando a petaca, e xa vou sentindo como o latexo do meu corazón recupera por fin o seu ritmo constante. Sinto que

a miña rabia acaba por desvanecerse na máis absoluta indiferenza, non me importa nada do que me poida pasar a continuación, sigo sen arrepentirme de nada.

Mario merecía esta e mil mortes máis.

O sol irrompía en estalos a través do vaivén das persianas metálicas e debuxaba disparos de luz na parede de cor verde escabeche, estraño ton resultante do esvaecido glorioso verde militar coa que fora pintada orixinalmente, aló pola época de Franco.

A intensa vaga de calor de principios do mes de maio sorprendéraos de novo coa promesa da instalación de aire acondicionado na institución, obra que a Xunta debería executar antes do verán, pero a saber de que ano, así que o único sistema refrixerante do despacho do director pasaba por abrir as ventás e baixar as láminas de metal torto que exercían como reixas de luz e sombra, metáfora visual da liberdade restrinxida que implicaba o ingreso no Centro de Menores Montorellán.

—Es consciente de por que estás aquí?

O alento morno do home, con olor a tabaco mentolado, impregnou as fosas nasais de Cibrán espertándolle de súpeto unha repentina gana de fumar. Un funcionario quítalle o teléfono, a petaca, o tabaco e mais os mistos ao chegar ao centro de menores, e non tiña maneira de entreter as mans, máis que xirando os polgares nun remuíño infinito

que, en vez de tranquilizalo, estaba empezando a poñelo dos nervios.

—Tes fame? Necesitas ir ao cuarto de baño?

O bigote canoso do home movíase de arriba para abaixo ao falar, e, de cando en vez, os seus beizos deixaban entrever unha fila de dentes manchados pola nicotina. Estaban sentados fronte a fronte, no modesto despacho do director. Xurxo Docampo, titular do despacho, vixiaba de cerca a entrevista aparentemente inmerso na triloxía *Comedias Bárbaras* de Ramón María del Valle Inclán, en pé, apoiado nun andel ateigado de libros. Ante o silencio do rapaz o home proseguiu insistente.

—Os teus pais estarán aquí decontado, o teu chofer xa os foi avisar —o home ergueu co dedo índice as grosas lentes de pasta marrón sobre o septo nasal e suspirou con apatía.

—Non! —un leve momento de pánico espremeu o estómago de Cibrán ante a mención dos seus proxenitores, aínda que deseguido se arrepeniu de ofrecerlle esa ínfima mostra de febleza.

O home sorprendeuse un pouco ante a súbita negación, pensou que o rexeitamento do rapaz ante a inminente presenza dos pais se debía a unha especie de remorso na conciencia, así que non engadiu nada máis. O raro era que aínda non aparecieran para facerse cargo do menor despois de varias horas de estar retido. Botouse para atrás na cadeira, que renxeu baixo o seu peso igual que un porco no cortello, e ergueu un pouco a voz vocalizando dun xeito esaxerado.

—Sabes quen son eu?

A cabeza do rapaz negou con cautela, pensou que era mellor cooperar co home se a cambio podía esquecerse de meter no allo a seus pais. Era a terceira persoa que trataba

de interrogalo desde esa mañá. Primeiro o director do prestixioso instituto onde acontecera todo, despois un sarxento da Garda Civil no cuartel, e máis tarde ese home, no centro de menores onde o trasladaran por orde dun xuíz que nin sequera se prestara a falar con el en persoa.

Os pais de Mario foran ben dilixentes, non había nin unha hora que se producira a pelexa e xa se presentara unha patrulla da Garda Civil para reter o rapaz no instituto, xa o director tratara de lurpiarlle de malas maneiras as causas da contenda, e xa o equipo xurídico do centro se preparaba para iniciar a defensa da institución coas máximas garantías, porque seguro que a eles tamén lles ía zarrapicar a furrica de problemas que carrexaban os actos de Cibrán.

Pero el mantiña en teimudo silencio a orixe da pelexa. A quen lle importaba?

—Son Xesús Quintáns, da Fiscalía de Menores, e tes un grave problema, rapaz —o home refregou a cara coas mans, notábaselle a canseira na voz, o aburrimento, as ganas de marchar para a casa despois da longa xornada—. En que estabas pensando, homiño? Dáste conta de que estiveches a piques de matar un compañeiro?

Cibrán mordeu un padraστο imaxinario do dedo maimiño e buscou desafiante a súa mirada.

—Si, pero non o fixen, non? Que problema hai?

—Pois un ben gordo —o home cravou na súa face os seus ollos lánguidos, como de peixe, e apuntou co dedo índice o seu pescozo—. O neno ten unha fractura de hioide e unha grave lesión nas cordas vocais.

—E eu teño varias contusións nos brazos e nas pernas a causa das patadas que el me deu, pelexamos, e xa está. Xa o

arranxarán os nosos avogados, non se preocupe que non vai haber problema para pagar a indemnización, non é a primeira vez que ocorre.

—Pois por iso mesmo, non é a primeira vez que te metes en problemas, así que esquécete de que te deixen marchar para a casa. O xuíz Boullón de Lara é o padriño de Mario de Sousa, non o vas ter nada fácil para librarte desta. Vas ter que quedar aquí unha boa tempada á espera de xuízo, e despois xa veremos.

A estrondosa gargallada irónica de Cibrán sorprendeu o señor Quintáns e espertou o director da súa indolencia; resulta que ao final era así de doado escapar do martirio que supoñía volver cada día do instituto á casa, tan só tiña que darlle unha boa tunda a un compañeiro, unha tunda ben dada, con razón e aleivosía. E, aínda por riba, Mario merecíaa.

Cibrán encolleu os ombreiros nun ademán de rendición e baixou a mirada aos pés sen poder evitar un sorriso de satisfacción, xa podían vir os pais, xa podía vir Cristo Bendito buscalo ao centro que de alí non o ía mover ninguén. Non podía crer o sinxelo que fora liberarse por fin de todos os males que o afogaban.

—Es un idiota, rapaz, nin imaxinas o problema no que estás metido. Cres que na vida todo se arranxa a golpes? Hai que saber con quen se mete un, non somos todos iguais.

O señor Quintáns ergueuse da súa cadeira e foi rosmar á fiestra, lonxe da súa presenza, xusto en fronte do director que volvera mergullarse no seu libro. O da fiscalía parecía anoxado co rapaz, coa súa risa, coa súa aparente falta de responsabilidade, e a Cibrán non lle daba a gana de sacalo do seu erro de apreciación, mentres escoitaba a ladaíña do

seu murmurio fronte ao cristal da fiestra: “*estes putos críos sen valores, fillos de papá, que cren que todo se arranxa a golpe de talonario*”.

Se el soubese... Certo é que nacera nunha casa onde nunca faltaron recursos económicos, pero non todo se arranxa a golpe de talonario. Hai cousas que rachan, como a confianza, que non se poden recuperar con diñeiro, e hai outras cousas coma o amor fraternal, que non se pode comprar nin impoñer de ningún xeito.

—Tes un longo historial delituoso, Cibrán —o señor Quintáns volveu sentar na cadeira e manobrou con habelencia na pantalla da súa tableta en busca dun arquivo concreto—: agresión a compañeiros en todos os colexios onde estudaches, aos profesores, e incluso a un policía municipal.

—Sempre foi en defensa propia.

—Tráfico con estupefacientes nun parque infantil —continuou lendo con parsimonia.

—Consumo propio.

—Roubo nunha tenda do teu barrio —ergueu as cellas e mirouno con xesto interrogante por riba das lentes.

—Só era tabaco e unha coca cola. Tiña sede.

—Maltrato animal... aquí di que un can sufriu graves feridas no lombo despois de que lle prendeses lume na pelaxe.

—Iso si que non! —o impulso do sangue ante aquela flagrante mentira subíuselle ás meixelas—. Xamais lle faría dano a un animal, son moito máis nobres que os humanos. Acusáronme a min porque me gusta xogar con mistos e tiña varias caixas no peto, pero xuro que non fun eu.

O señor Quintáns suspirou profundamente dándose por vencido.

—Tes resposta para todo, non? Polo de agora vas quedar aquí encerrado unha boa tempada, a ver se tes tanta labia tamén o día do xuízo.

Fíxolle un aceno ao director, indicándolle que chegara ao final da entrevista e dispúxose a saír do despacho sen perder un minuto máis do seu valioso tempo.

—Cando cheguen os pais do rapaz, avíseme. Vou comer algo que estou famento, hoxe non tiveron tempo nin de almorzar. Ala, aí lle queda, outro máis.

O director do centro de menores despediu o representante da fiscalía sen moita cerimonia. A Cibrán gustoulle o seu sorriso amable cando se dirixiu de novo a el, o brillo xuvenil nos seus ollos, a estética *hipster* que o definía coa súa barba longa e coidada, e aquela camisa de cadros vermellos enfeitada con tirantes de coiro azul.

—Pois parece que imos pasar unha tempada xuntos, non? Chámome Xurxo —bateulle a man cun apertón rexo—. Espero que non veñas traerme máis problemas dos necesarios, todos os rapaces que están aquí internos teñen unha historia dura detrás. Intenta manterte á marxe e ocúpate de ti mesmo, non busques liortas e trata de cumprir coas normas, e, sobre todo, non intentes saír do recinto sen permiso. A partir de agora es responsabilidade miña, e ten conta que vou estar moi enriba de ti.

A Cibrán todo iso pareceulle xusto, non tiña interese ningún en relacionarse cos outros internos e desde logo non pensaba ir a ningures. Se alguén lle deixase usar o teléfono móbil nese intre e tivese un minuto para inquirir nas entradas que había sobre o Centro de Menores Montorellán, en Google, non ía estar tan eufórico, pero nese momento tan só

lle importaba quedar fóra do alcance da súa familia o máximo tempo posible, así que se deixou guiar coma un añaño ao matadoiro polo escuro corredor que conducía aos cuartos dos internos, sen máis preocupación que a de que lle devolvesen os seus efectos persoais para poder botar por fin un gustoso cigarro.

Non volveu ver o señor Quintáns, resulta que ao final non foi ninguén buscalo ao centro, nin ese día nin nos seguintes; o pai saíra esa mesma mañá para Marrocos a causa do traballo e o seu teléfono non estaba dispoñible, e a nai parece que lle dera algunha especie de xaqueca aguda e tan só enviou o avogado da familia para dicirlle que tivese un pouco de paciencia, que deseguida se ocupaban do caso e tratarían de sacalo de alí o máis pronto posible.